

ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2025/2026

A Dirección Xeral de Centros da Xunta de Galicia abre o proceso de admisión do alumnado de conformidade coa ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato.

ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

Do 1 ao 20 de marzo, **presencial** de luns a venres de 9:30 a 13:30 **na secretaría do centro** ou **presentación telemática** na aplicación "admisionalumnado" creada a tal efecto.

(<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>)

Fora deste horario concertar cita no teléfono 988 217 800 ou no correo electrónico secretaria@divinomaestrofeourense.com

A solicitude é única para tódolos centros sostidos con fondos públicos (centros públicos e concertados) indicando a orde de preferencia (debe presentarse no que queiran en 1º lugar)

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- [Solicitude Solicitud](#) (modelo ED550B, Anexo II e Anexo II Bis).
- Documento acreditativo do requisito da idade do alumno/a (Libro de familia) Certificado oficial do expediente académico (se procede doutro centro)
- Sentencia xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador donde conste a custodia do menor, de darse o caso.
- Documentación acreditativa do alumnado con necesidades específicas

A documentación que acredite os criterios de baremación só é necesaria si fose preciso baremar (requerirase dende a secretaría do centro se fose necesario)

CRITERIOS BAREMACIÓN E PUNTUACIÓN

Criterio	Puntuación
Irmán/á no centro (Máximo 14)	Primeiro irmán/á: 8 puntos
	Segundo e seguintes: 2 puntos cada un.
Proximidade do domicilio familiar	Na área de influencia: 8 puntos
	En áreas limítrofes: 4 puntos
Lugar de traballo do pai/nai/titor/acolledor (non son acumulables a proximidade do domicilio e a o traballo)	Na área de influencia: 6 puntos
	En áreas limítrofes: 3 puntos
Renda anual per cápita da unidade familiar	Inferiores a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos
	Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos
	Igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: 1 puntos
	Igual ou superior ao IPREM: 0 puntos
Proxenitor/titor/acolledor traballador do centro	3 puntos con independencia de que traballen ambos
Familia numerosa	Categoría especial: 3 puntos
	Categoría xeral: 2 puntos
Víctima de violencia de xénero	2 puntos
Víctima de terrorismo	2 puntos
Irmáns nados nun parto múltiple	8 puntos se son dous
	10 puntos se son máis de dous
Discapacidade igual ou superior ao 33% ou perceptor de pensión	Do alumno: 4 puntos
	Dun pai, nai, titor, acolledor ou novo cónxuxe ou persoa con relación análoga: 3 puntos
	Irmán ou irmá: 1 por cada un deles
Condición de Familia Monoparental	2 puntos
Criterio complementario do centro <i>Pai/nai/titor/acolledor antigo alumno deste centro</i>	1 punto

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Criterio	Documentación xustificativa
Irmán/á no centro	Copia completa do libro de familia Certificación de matrícula
Proximidade do domicilio familiar	Certificado do Padrón Municipal emitido no último ano e alta con antigüidade mínima de 1 ano
Lugar de traballo do pai/nai/titor/acolledor	Certificación da empresa/administración pública en que traballe
Renda anual per cápita da unidade familiar	Declaración de IRPF de 2022 (suma das casañas 435 e 460, divididas polo número de membros da unidade familiar) Si non hai oposición expresa consúltase automaticamente
Proxenitor/titor/acolledor traballador do centro	Certifica o propio centro
Familia numerosa	Título de Familia Numerosa (consúltase automaticamente)
Víctima de violencia de xénero	Documento que acredita tal situación
Víctima de terrorismo	Documento que acredita tal situación
Irmáns nados nun parto múltiple	Libro de familia
Discapacidade igual ou superior ao 33% ou perceptor de pensión	Certificado do grao de minusvalía (consúltase automaticamente) Xustificación de cobro dunha pensión da SS por incapacidade permanente total, absoluta, grande invalidez ou pensión equivalente das clases pasivas
Condición de Familia Monoparental	Certificación de recoñecemento de tal condición
Criterio complementario do centro <i>Pai/nai/titor/acolledor antigo alumno deste centro</i>	Certificación de antigo alumno/a (compróbase no propio centro)